

AS CIÊNCIAS DA LINGUAGEM NO ESPAÇO GALEGO- -PORTUGUÊS DIVERSIDADE E CONVERGÊNCIA

Organização

XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI

MARIA ALDINA MARQUES



Universidade do Minho
Instituto de Letras e Ciências Humanas

AS CIÊNCIAS DA LINGUAGEM NO ESPAÇO GALEGO- -PORTUGUÊS DIVERSIDADE E CONVERGÊNCIA

Organização

XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI

MARIA ALDINA MARQUES



Universidade do Minho
Instituto de Letras e Ciências Humanas

LETRAS

AS CIÊNCIAS DA LINGUAGEM NO ESPAÇO GALEGO-PORTUGUÊS

Organização: Xosé Manuel Sánchez Rei, Maria Aldina Marques

© Edição: Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho

Edições Húmus, Lda., 2016

End.Postal: Apartado 7081

4764-908 Ribeirão – V. N. Famalicão

Tel. 926 375 305

humus@humus.com.pt

Impressão: Papelmunde – V. N. Famalicão

1.ª edição: Dezembro de 2016

Depósito Legal n.º: 419555/16

ISBN: 9789897552403

Apoios:



Universidade do Minho

Centro de Estudos Humanísticos

Departamento de Estudos Portugueses e Lusófonos

Índice

- 7 **Introdução**
Xosé Manuel Sánchez Rei | Maria Aldina Marques
- 15 **Sobre identidades e modelos de língua na Galiza**
Xosé Ramón Freixeiro Mato
- 39 **Materiais para unha revisión crítica da segmentacion de é no texto das cantigas profanas galego-portuguesas**
Manuel Ferreiro
- 65 **As unidades de medida nas receitas de cozinha, medicina, agricultura e pecuária do ms. 142 do Arquivo Distrital de Braga**
Anabela Leal de Barros
- 99 **Aproximação geral aos marcadores discursivos de controlo de contato**
Xosé Manuel Sánchez Rei
- 129 **Um olhar da Sociolinguística Interacional para comunidades de prática virtuais: construindo identidades numa lista de tradução**
Sandra Maria Pérez López
- 163 **A variación diatópica como estratexia pragmática na escrita electrónica galega**
Estefanía Mosquera Castro
- 179 **Dêixis e valores enunciativo-pragmáticos dos predicados verbais no discurso académico**
Maria Aldina Marques | Isabel Margarida Duarte
- 209 **Provérbios na publicidade: a sedução pelos implícitos**
José Teixeira
- 243 **O papel do grau de exposição linguística no desenvolvimento bilingue**
Cristina Flores | Liliana Correia

MATERIAIS PARA UNHA REVISION CRÍTICA DA SEGMENTACIÓN DE É NO TEXTO DAS CANTIGAS PROFANAS GALEGO-PORTUGUESAS*

Manuel Ferreiro
Universidade da Coruña, Grupo ILLA
<http://illa.udc.gal>

Introdución

A segmentación textual constitúe, con certeza, unha operación ecdótica absolutamente primaria e fundamental, pois a interpretación das cadeas gráficas dos manuscritos que transmitiron a lírica medieval galego-portuguesa condiciona inevitabelmente a lectura das cantigas. Noutros traballos xa foron expostos os problemas levantados pola segmentación, do mesmo xeito que foi abordada a transcendencia editorial que leva consigo (*vid.* Ferreiro, 2012 e 2014a).

Queremos, agora, centrarnos nun elemento tan axial como *é*, P3 do presente de indicativo de *seer* a partir, fundamentalmente, dos problemas segmentativos que se perciben en moitas das versións das cantigas incluídas na compilación trobadoresca das cantigas galego-portuguesas (Brea, 1996). Como acontece con todas as segmentacións, en xeral, e sobre todo

* Este traballo inscribíase na terceira parte do proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2015-63523-P), subsidiado polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología” e o “Ministerio de Economía y Competitividad”, a través da “Subdirección General de Proyectos de Investigación”.

coa deglutinación de elementos foneticamente reducidos como <o> ou <a>, ambos con funcións diversas (Ferreiro, 2014b), é evidente que a secuencia <e> final de numerosos vocábulos pode ser interpretada tamén de diversos modos: conxunción copulativa *e* ou forma verbal *é*. Mais, diferentemente da conxunción copulativa, cuxa segmentación pode ter algunhas veces un carácter subxectivo e, por tanto, optativo, en xeral a P₃ do presente do verbo *seer* vén esixida por cada contexto particular a que nos enfrontamos no proceso de edición e de interpretación das leccións transmitidas polos manuscritos.

Cando a segmentación é unha (mellor) opción

No relativo á segmentación de *é* encontramos pasaxes en que a lección transmitida polos manuscritos é diversa, de modo que serían posibles lecturas diferentes, ambas correctas. Nunha cantiga de Joan Soairez Somesso, presente en A e en B, cuxa edición se debe a D. Carolina Michaëlis (Michaëlis, 1990: 63; cfr. Brea, 1996: 511), a editora xermano-portuguesa, contra a súa práctica habitual, segue nesta pasaxe a lección do apógrafo italiano (<deulo sabe que me mester>), fronte á lección de A (<deulo sab eme mui mest'>)^[1]:

95 / 78,3 JSrzSom [A29/B122], v. 27:
 pois m'ela perdõar non quer,
 Deu-lo **sabe, que m'**é mester
 mui mais mia morte ca viver.

1 Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur (1975: 10-93), coas correccións achegadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración do *Repertorio metrico* de Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido polo mesmo estudioso, e das referencias convencionais dos manuscritos (A, B, V); nas referencias breves é utilizada simplemente a numeración d'heuriana seguida do número de verso (ás veces seguida da referencia aos manuscritos).

Canto á lectura dos manuscritos, utilizamos as edicións facsimilares dos cancioneiros: *Cancioneiro da Ajuda*. Edição Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa: Edições Távola Redonda, 1994; *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991, Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro & Martínez Pereiro & Tato Fontaiña (2007).

Moi probablemente Dona Carolina non percibiu a posibilidade de, tamén neste caso, dar prioridade á lección de A por medio dunha segmentación que resolve, textual e semanticamente, a pasaxe en causa:

pois m'ela perdõar non quer,
Deu-lo **sab'**, **é-me** mui mester
oimais mia morte ca viver.

Ora ben, aínda existen outros contextos na compilación do corpus profano que merecen unha consideración especial por canto, sen ser absolutamente imperativa a segmentación da forma verbal *é*, existen razóns que aconsellan realizar tal operación ecdótica.

En diversas ocasións a segmentación da forma verbal semella necesaria por se tratar de pasaxes en que non existe verbo na versión presente en todas ou na maioría das edicións, como acontece nunha pasaxe de Fernandez Cogominho, fixada por Michaëlis (1990: 832-833; Brea, 1996: 285) –e recentemente tamén en González Martínez (2012a: 97)– do seguinte modo:

323 / 40,10 FeFdzCog [B363], v. 14:
pero quen s'én quiser' saír
será ja quite d'ũa ren:
u a non vir', de veer ben,
e quite de nunca dormir!

A presenza da estrutura *seer* + adxectivo no v. 12 (*sera ... quite*) reforza a necesidade da segmentación agora proposta para o v. 14 de xeito que se consegue unha estrutura máis harmónica, de tipo quiasmático, e non é necesario supor a elipse de *seer*:

pero quen s'én quiser saír
sera ja quite d'ũa ren
du a non vir, de veer ben,
e **quit'**é de nunca dormir.

Por outra parte, na primeira estrofa dunha cantiga de amor de Don Denis tamén se percibe a ausencia do necesario verbo que dea sentido completo ao período, tal como acontece na clásica edición de Lang (1972:

42; Brea 1996: 197-198), e tamén na posterior edición de Nunes (1972: 142-143). Eis o texto do editor suízo:

538 / 25,45 Den [B521b/V124], v. 4:
Mesura seria, senhor,
de vós amercear de mi,
que vós em grave dia vi,
e em mui **grave** voss' amor,
tam grave, que nom ei poder
d' aqesta coita mais sofrer
de que, mui't'a, fui sofredor.

Porén, no v. 4 é posíbel segmentar sen problemas unha forma *é* que dá sentido a toda a estrofa, tal como xa aparece na recente edición de Eirín García (2015: 163):

Mesura seria, senhor,
de vos amercear de mí,
que vos en grave dia vi,
e én mui **grav'**é voss'amor,
tan grave que non ei poder
daquesta coita máis sof[r]er,
de que, mui't'á, fui sofredor.

Segmentación e morfoloxía

En ocasións son razóns morfolóxicas as que aconsellan (e obrigan) a practicar unha segmentación que algunhas edicións omiten por consideraren presupostos diferentes (e problemáticos por veces). Tal é o problema levantado nunha cantiga de Airas Veaz, a partir da fixación textual de Lanciani (1974: 114; Brea, 1992: 137), seguida por Lopes (2002: 134), que emenda, erradamente neste caso, a correcta lección de Lapa (1970: 212):

427 / 17,2 AiVeaz [B446], v. 5:
e anda ben, pero que **fere** d'unha,
e dize[n]-me que traje hũa espunlha,
Fernan Furado, no olho do cuu.

Como é sabido, a P3 de presente dalgúns verbos da segunda e terceira conxugación perde, na lingua medieval, o *-e* final etimolóxico após /t/, como acontece tamén nos nomes (cfr. FERIT > fer, QUAERIT > *quer* etc., igualmente que, por exemplo, MAREM > mar). En consecuencia, isto obriga a realizar unha diferente segmentación e interpretación da secuencia <fere> de B, que terá de ser lida como a crase do adxectivo *fero* e da forma verbal *é*:

e anda ben, pero que **fer'**é d'unha,
e dize[n]-me que trage ùa espunilha,
Fernan Furado, no olho do cuu.

Coidamos, por outra parte, que a forma verbal *é* está tamén presente nunha pasaxe de Pero Garcia d'Ambroa, con un adxectivo *vivedoire* (cfr. *vividoiro* no v. 11), morfoloxicamente anómalo, na edición crítica de Carlos Alvar (1986: 66; Brea, 1996: 841):

1585 / 126,3 PGarAm [B1575], v. 3:
De Pero Bõo and' ora espantado,
de como era valent' e ligeiro,
e **vivedoire** asaz e arrizado.

Tal especie de hapax fonético creado por esta edición certamente non estaba presente en Lapa (1970: 494) –tampouco en Lopes (2002: 393)–, pois o ilustre estudioso portugués emendara a lección manuscrita <uiue doyre> a prol dunha forma *vivedoire*, regular do punto de vista morfolóxico; con todo, a segmentación de *é* no final desa secuencia resolve ecdoticamente o texto, con respecto á lección manuscrita e á normalidade morfolóxica do adxectivo (*-o/-a*), pois a medida versal é regular, cun decasílabo conseguido coa sinalefa *é_ assaz*²:

De Pero Bõo and' ora espantado
de como era valent' e ligeiro,
e **vivedoir'** é as[s]az, e arriçado.

Obsérvese tamén como, na textualmente problemática cantiga 1440, de Joan Servando, é fixada unha forma verbal *jaze* como P3 do presente indica-

2 Sinalefas semellantes a *é_ assaz* son, por exemplo, *é_ aqui* ou *é_ assi*, que poden encontrarse en 509.7, 808.9, 1110.5, 1224.14, 1354.r1 e r3, 1501.14, 1569.39.

tivo de *jazer*. Tal forma resulta, cando menos, inusual no período medieval, pola xeral desaparición de *-e* após a consoante africada dentoalveolar sonora (cfr. DICIT > diz, FACIT > faz etc.)^[3]. Eis a versión de Lapa (1970: 348-349; Brea, 1996: 502), que foi seguida, máis unha vez, por Lopes (2002: 237-238):

1440 / 77,10 JServ [V1030], v. 5:
 quand'ela **jaze**, sobinha,
 mal a roe
 a grossa pixa misquinha,
 que lhi no seu cono moe.

Por medio da segmentación de *é* en <iaze> e a pertinente mudanza na puntuación pode restaurarse a xeral e regular forma *jaz* sen menoscabo da sintaxe e da semántica:

quand'ela **jaz é** sobinha:
 mal a roe
 a g[r]ossa pixa misquinha,
 que lhi no seu cono moe.

Por razóns lingüísticas diferentes debe ser reconsiderada tamén unha pasaxe no final dunha cantiga de Pero da Ponte: tanto a edición lapiana (1970: 517; cfr. Brea, 1996: 779) como outras edicións críticas do trovador galego (Juarez Blanquer, 1988: 267; Panunzio, 1992: 145) ofrecen a forma verbal *quite* no derradeiro verso da composición:

1644 / 120,29 PPon [B1632/V1166], v. 28:
 mais quero ir ben d'el assuar
 por enviar à mia molher
 (que morre por el outrossi)
 da balêa que vej'aqui;
 e, depois, **quite** quen poder!

No entanto, o anómalo uso de *quitar* como verbo intransitivo aconsella, novamente, a segmentación en *quit'é*, de modo que a expresión fica máis apropiada ao contido da cantiga:

3 A única forma comparábel no corpus lírico profano sería *faze* (só en 1443.4 e 1614.6), pois a forma *feze* (<fecit) aparece, en xeral, condicionada pola presenza dun pronome enclítico.

mais quero ir ben d'el assũar
por enviar à mia molher
–que morre por el outrossi–
da balãa que vej'aqui;
e, depois, **quit'**é quen poder!"

Segmentación textual e ritmo do verso

No proceso de revisión e estudo da segmentación textual tamén deben ser considerados outros contextos en que o ritmo do verso aconsella isolar e fixar a forma –tónica– *é*, que pode introducir un necesario acento rítmico na cadea versal. Neste sentido, existe unha segmentación certamente discutíbel, que debe ser impugnada por razóns métricas, xa que presenta unha moi anómala crase de *que* a partir da versión crítica de Barbieri (1980: 45; Brea 1996: 916), que continúa a edición de Michaëlis (1990: 373):

301 / 147,17 RoiPaezRib [A190/B341], vv. 14-15:
E vej' a muytos aqui razõar
qu' é a mays grave coyta de sofrer
vee-la **home** e ren non lhi dizer.

Como noutro lugar (de)mostramos (Ferreiro, 2009: 491-492), non é posíbel a crase de *que* na lingua trobadoresca, inexistente no corpus trobadoresco galego-portugués, de modo que é necesario procurar unha lectura alternativa da pasaxe, que neste caso se resolve editorialmente a través da deglutinación de *é* en <ome> A, <home> B no v. 15:

E vej'a muitos aqui razõar
que a máis grave coita de sofrer
vee-la **om'é**, e ren non lhe dizer.

Outra pasaxe en que debe reverse criticamente a segmentación tradicional por razóns métricas localízase en Pero Larouco, que presenta un verso sen acento na 4ª sílaba nas edicións de Lapa (1970: 587; cfr. Brea 1996: 859) e Lopes (2002: 430):

629b / 130,2bis PLar [B614/V215b], v. 5:
ainda en fi de cornudo

seja por feito que faça;
 é el **padre** de mon drudo.

O mesmo verso presentará igualmente unha lección correcta se introducirmos a forma verbal *é* en *padre*, cunha notoria mellora do ritmo, xa que acomoda o acento deste verso aos restantes da estrofa:

O que me d'ansar corrudo
 á e demais m'ameaça,
 aínda eu fi'-de cornudo
 seja por feito que faça,
 e el **padr'**é do meu drudo.

De modo similar, existe un refrán de Joan Airas que na edición crítica de Rodríguez (1980: 244; cfr. Brea 1996: 390), o mesmo que acontecía na de Nunes (1973: 287-288), mostra ausencia de segmentación en *grave* (vs. *grav'é*) no segundo verso, nivelando os dous adxectivos, a depender da mesma forma verbal *é*:

1042 / 63,40 JAi [B1038/V628], r2:
é-mi mui grave de vos ben fazer
*e mui **grave** de vos leixar morrer.*

Mais a tendencia á acentuación na 4ª sílaba, así como a posibilidade de facer presente unha elegante estrutura quiasmática neste refrán, aconsellan realizar a segmentación de *grave*, tal como Cohen estableceu na súa edición do cancionero de amigo (2003: 572):

é-mi mui grave de vos ben fazer
*e mui **grav'é** de vos leixar morrer.*

Finalmente, na coñecida cantiga de Fernan Garcia Esgaravunha percente ao 'ciclo das amas', achamos un contexto en que a opción lapiana foi, como moitas veces acontece, unanimemente aceptada polos editores posteriores (Lapa, 1970: 210-211; Spampinato Beretta, 1987: 141; Lopes, 2002: 141):

1530 / 43,4 FerGarEsg [B1511], v. 8:
ca sabe ben fiar e ben tecer
e talha mui ben bragas e camisa;
e nunca vistas molher de sa guisa
que mais límpia vida sábia fazer;

Ant', é oje das molheres preçadas
que nós sabemos en noso lugar.

No entanto, sen mudar a interpretación da pasaxe, é posíbel unha segmentación alternativa que confire maior naturalidade á cadea expositiva coa integridade formal da conxunción adversativa *ante*, ao tempo que, de novo, se fai recaer o acento na 4^a sílaba:

Esta ama, cuj' é Joan Coelho,
per bõas manhas que soub' apre[n]der,
cada u for, achará bon conselho,
ca sabe ben fiar e ben tecer,
e talha mui ben bragas e camisa,
e nunca vistas molher dessa guisa
que máis límpia vida sábia fazer;

ante, oj' é das molheres preçadas
que nós sabemos en noso lugar,
ca lava ben e faz bõas queijadas
e sabe ben moer e amassar
e sabe, muit' á, de bõa leiteira.

Sobre algunhas segmentacións superfluas de *é*

O grupo de textos tratados a seguir caracterízase por presentar unha segmentación da forma verbal *é*, lingüística e semanticamente posíbel, mais que non semella recomendábel por impedir un discurso fluente que discorra con normalidade expresiva. Véxase a seguinte pasaxe dunha cantiga de Nuno Fernandez Torneol na edición de referencia (Michaëlis, 1990: 170; cfr. Brea, 1996: 690):

170 / 106,15 NuFdZTor [A81/B184a], v. 19
E, Deu-lo sabe, quan grav' a mi é
de lhes dizer o que sempre neguei;
mais pois me coitan, dizer-lhe'-la-ei

a meus amigos, e a outros non.
 Mui gran **verdad'** é ¡si Deus mi perdon!
direi-lhes ca ensandeci
pola melhor dona que vi.

A aparición do feminino *-la-* no v. 17, que obrigatoriamente se debe referir a *verdade*, con anticipación pronominal, provoca que o texto fiquen máis correcto sen segmentar é no substantivo, funcionando *mui gran verdade* como O.D. de *dizer* e non como frase parentética:

E, Deu-lo sabe, quan grav'a min é
 de lhes dizer o que sempre neguei!
 Mais, pois me coitan, dizer-lhe-la-ei
 a meus amigos, e a outros non,
 mui gran **verdade**, si Deus me perdon:
direi-lhes ca ensandeci
[pola melhor dona que vi.]

Igualmente desnecesaria é a segmentación da forma verbal en *madre* nunha cantiga que conta cunha infeliz edición inicial por parte de Lang (1972: 90; cfr. Brea, 1996: 239-240), con intervencións igualmente desafortunadas nos editores posteriores^[4]:

605 / 25,134 Den [B588/V191], vv. 4. 10:
 Valer-vos-ia, amigo, se oj'
 eu ousasse, mais vedes quem
 mh o tolhe d' aquest', e nom al,
 mha **madr'** é que vos a mortal
 desamor, e com este mal
 de morrer nom mi pesa[ria].

Valer-vos-ia, Deus, meu bem,
 se eu ousasse, mais vedes quem
 me tolhe de vos nom valer,
 mia **madr'** é que end' [a] o poder

4 Cfr. en Nunes (1973: 40): *Valer-vos-ia, amigu'e meu ben, / se ousasse, mais vedes quen / me tolhe d'aquest': é non al / mia madre, que vos á mortal / desamor, e con este mal / de morrer non mi pesa[ria]*. E o texto editado por Rip Cohen (2003: 624): *Valer vos ia, amigo, <meu ben>, / se |oj'| eu ousasse, mais vedes quen / me tolhe daquest' e non al: / mha madre, que vos á mortal / desamor, e, con este mal, / de morrer non mi pesa<ria>*.

e vos sabe gran mal querer
e porem mha morte quera.

Como indicamos, é redundante a segmentación nun texto que decorre naturalmente a partir da acaída interpretación da lección transmitida polos manuscritos que se percibe no íncipit recollido no estudo das rimas trobadorescas realizado por Montero Santalla (2000: 421):

Valer-vos-ia, amigo, se
oj'eu ousasse, mais vedes que
mi-o tolhe daquest', e non al:
mia **madre**, que vos á mortal
desamor, e con este mal
de morrer non mi pesa[ria].

Valer-vos-ia, par Deus, meu ben,
se eu ousasse, mais vedes quen
me tolhe de vos non valer:
mia **madre**, que end'á poder
e vos sabe gran mal querer,
e por én mia morte quera.

Máis unha problemática segmentación, por razóns de tipo lingüístico, aparece noutra errada interpretación de H. Lang (1972: 98; cfr. Brea, 1996: 214), que ignora a forma *sé* (< SEDET), documentada en diversas pasaxes trobadorescas, reconvertida agora en crase do pronome *se* cunha forma *é*:

618 / 25,80 Den [B601/V204], v. 15:
De vos em pesar dereito per *é*,
ca diz de mim gram mal, per bõa fe,
e de vós, amiga, cada u s' *é*
falando; ...

Resulta obvio, de todos os puntos de vista (cfr. Nunes, 1973: 52; Cohen, 638), que estamos, efectivamente, perante a forma verbal *sé* (cfr. tamén 776.13, 1050.18, 1453.10)^[5], evolución dunha forma anterior *see* non docu-

5 Así foi tamén considerado en Montero Santalla (2000: 424 e 1.637).

mentada na poesía profana^[6], que procede de SEDET, P₃ do presente de SEDÈRE, que só aparece en rima con *e* e *fe*:

De vos én pesar dereito per-é,
ca diz de min gran mal, per bõa fe,
e de vós, amiga, cada u sé
falando, ...

E nunha cantiga de Estevan da Guarda pode comprobarse a existencia de diversas posibilidades interpretativas de *e* á hora de fixarmos editorialmente un texto. Véxase a versión lapiana (cfr. Brea, 1996: 246) no que di respecto a esta cuestión (Lapa, 1970: 186-187; Lopes 2002: 511):

1334 / 30,1 EstGuar [B1317/V922], v. 9:
Diz que, per manhas e per seu sembrante,
sab' el do mouro que **om'** é comprido
e pera parar-se a tod' arroído
e que sabe que tal é seu talante

No entanto, parece máis acaído interpretar como verbo o elemento inicial do v. 10, ficando, deste xeito, *ome sen* segmentación, tal como edita Pagani (1971: 139):

Diz que, per manhas e per seu sembrante,
sab'el do mouro que **ome** comprido
é pera parar-s'a todo ruído,
e que sabe que tal é seu talante.

Unha cuestión do mesmo teor pode verse nunha pasaxe de Pero da Ponte, que presenta unha segmentación discutíbel a partir de Lapa (1970: 546; cfr. Brea, 1996: 773):

1665 / 120,17 PPon [B1653/V1187], v. 19:
non[o] á i, sol lhhis ven i, salmon;
mais pescad'outro, pera despender,
mui **rafec'**é, por vos eu non mentir.

6 Véxanse abondosos exemplos nos bancos de datos da lingua medieval; por exemplo, no TMILG, s.v. *see*.

O contexto mostra como *rafece* (tamén en Juárez Blanquer, 1988: 210, e Panunzio, 1992: 200) debe funcionar como cualificativo de *pescad'outro* (isto é, *outro pescado*), sen ningunha necesidade de introducir unha forma *é*, que non sería coherente con *mais* 'senón':

E se de min quisedes aprender
qual part'á de cima en esta sazón,
non á i, se lhis [a]ven i, salmon,
mais pescad'outro, pera despende,
mui **rafece**, por vos eu non mentir,
ca vi eu a Peixota remanir
i so un leit', assi Deus mi perdon.

Finalmente, existen diversos contextos que teñen en común a segmentación *com'é* da secuencia manuscrita <come>, a partir das edicións (Rodríguez, Marroni, Lapa) recollidas na compilación trobadoresca de 1996 (Brea, 1996: 394, 733, 539, 846):

1011 / 63,47 JAi [V597], v. 10 (cfr. Rodríguez, 1980: 154)^[7]:
a muitas donas fara fara gran pesar,
mais el fara, **com'é** mui trobador,
un cantar en que dira de min ben,
[ou o fara, ou ja o feito ten.]

1225 / 116,2 PAmigo [B1209/V814], r2 (cfr. Marroni, 1968: 257-258)^[8]:
mas já Deus nunca mi pardon,
se nunca eu vi tan amigo
*d'amiga, **com'é** meu amigo.*

1332 / 30,35 (=84,1) EstGuar & Josep [B1315/V920], v. 39 (cfr. Lapa, 1970 [1965]: 203-205)^[9]:
mais era tan certo e apreçado
com'é o vinho forte en Alhariz.

7 Nótese *come* xa en Nunes (1973: 259) e mais en Cohen (2003: 541).

8 De novo *come* en Nunes (1973: 305) e Cohen (2003: 442).

9 A lección de Lapa é seguida en Lopes (2002: 523), contrariamente a Pagani, que mantén *come* (1971: 133).

1426 / 79,34 JSrzCoe [V1016], 19 (cfr. Lapa, 1970 [1965]: 355)^[10]:
que nunca eu achei [molher] tan grave
com'ê Maria –e já o provei–
do Grave; ...

1613 / 126,11 PGarAm [B1603/V1135], v. 11 (cfr. Alvar, 1986: 90)^[11]:
que atan bel cuu **com'ê** esse vosso,
aínda que o home queira buscar,
que o non possan en toda a terra achar,
de San Fagundo até Ssan Felizes.

Mais a segmentación realizada polos editores non é imprescindíbel, en ningún dos casos, desde a perspectiva dunha expresión fluída, de modo que, tal como acreditamos, *come* achega unha maior naturalidade ao discurso:

a muitas donas fara gran pesar,
mais el fara, **come** mui trobador,
un cantar en que dira de min ben,
[ou o fara, ou ja o feito ten.]

mas ja Deus nunca mi perdon,
se nunca eu vi tan amigo
*d'amiga **come** meu amigo.*

mais era tan certo e apreçado
come o vinho forte en Alhariz^[12].

que nunca eu achei [molher] tan grave
come Maria –e ja o provei–
do Grav', ...

que atan bel cuu **come** esse vosso,
aínda que o ome queira buscar,
que o non possan en toda a terra achar
de San Fagundo até San Felizes.

10 Tamén en Lopes (2002: 245).

11 A versión de Rodrigues Lapa (seguida en Lopes, 2002: 401) presenta a crase *com'esse* (Lapa, 1970: 505).

12 Probabelmente haxa que considerar hiato *come / o* (como acontece no corpus trobadoresco profano en todos os encontros da conxunción *come* co identificador *o* (v 483.28, 953.r2, 1110.11, 1414.10 e 12) e sinalefa en *forte_en*, de xeito que o acento tónico fica na cuarta sílaba.

A segmentación de *é* como necesidade ecdótica

Como xa vimos, a segmentación de *é* é un proceso que se produce con moita frecuencia, do mesmo modo que a conxunción *e*, de xeito que, ao longo do corpus se poden localizar pasaxes diversas onde a deglutinación desta forma verbal permite resolver problemas ecdótico-editoriais de diverso teor.

Sendo certo que, en ocasións, a deficiente lección dos manuscritos esixe do editor a utilización de prudentes e necesariamente fundamentadas intervencións para resolver pasos conflictivos, tamén é verdade que a segmentación pode evitar ás veces intromisións editoriais espurias, como acontece nunha cantiga de Nuno Fernandez Torneol cunha pasaxe en que existe lección coincidente de AB (Michaëlis, 1990: 155; Brea, 1996: 689) e que foi modificada editorialmente:

161 / 106,13 NuFdzTor [A72/B185], v. 8:
E ben mi-o per devedes a creer
que me será mia **morte** [**mui**] mester
des quando vus eu veer non poder'.

Na realidade, onde a editora, Carolina Michaëlis, introduce *mui*, os manuscritos presentan a lección <me>, que se debe manter, coas pertinentes segmentacións de *morte* e *me*, sen problema ningún de interpretación:

E ben mi-o per-devedes a creer
que me sera mia **mort'**, **e m'é** mester,
des quando vos eu veer non poder.

Nunha *finda* de Roi Queimado aparece un problema editorial á hora de interpretarmos a concorrente lección de AB, que na xa antiga edición de Michaëlis (1990: 269; Brea, 1996: 923), acollida no fundamental na recente versión crítica de Lorenzo Gradín & Marcenaro (2010: 128), se modificou para conseguir unha lectura aceptábel do punto de vista semántico:

238 / 148,9 RoiQuei [A132/B253], v. 22:
Ca se m' algun ben **quisesse** fazer,
ja quequer m' én fezera entender
des quand' á que a filhei por senhor.

Nótese como os varios editores se viron obrigados, polo feito de manteren *quisesse*, a alterar a lección <ia que quem en> A, <ia q̄ q̄men> B do v. 23 (ao tempo que Michaëlis transformou *quanto* en *quando*). A presenza de *é* no v. 22 a través de *quisess'é*, cunha outra interpretación da secuencia máis problemática (cfr. o indefinido *ja-que*) posibilita unha lectura máis acorde coa lección dos manuscritos, aínda que, de calquera maneira, a expresión continúa a ser un tanto escura:

...; e sei ben que non á
de fazer a min ben niun sabor,

ca, se m'algun ben **quisess'**, é fazer
ja-que que m'én fezera entender
des quant'á que a filhei por senhor!

Outra interesante cuestión derivada da problemática segmentativa de *é* pode estudarse nunha cantiga de Afonso Sanchez, inicialmente editada por Nunes (1972: 21-22), de onde parte o texto da vulgata (Brea 1996: 102):

375 / 9,3 AfSchz [B407/V18], v. 6:
... que vos ar ffez Deus tal
que nunca mal faredes e por em,
quer me queyrades, senhor, bem, quer mal,
poys **me** de vós non veer mal nem rrem.

Tal como o texto nos aparece na versión nunesiana, percíbese a ausencia do verbo rexente de *veer* (v. 6), que supomos interpretado como P₃ de futuro de subxuntivo de *viir*, introducido pola partícula temporal *pois*, que aparece na mesma posición e coa mesma función nas tres estrofas da cantiga.

Perante tal situación, a recente edición de Mariña Arbor (2001: 128), incorporada á versión electrónica da vulgata^[13], optou por considerar que na cantiga de Afonso Sanchez falta o derradeiro verso de todas as estrofas da composición^[14]:

¹³ [www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2%](http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2%2)

¹⁴ O texto fixado en Longo (2003: 74) é substancialmente coincidente co de Arbor Aldea, sen a hipótese do sétimo verso; mais nótese como a editora italiana traduce *veer* como *verrà* sen comentario de ningún tipo (p. 77).

De vos servir, mia senhor, non me val,
pois non atendo de vós ren, e al
sei eu de vós: que vos ar fez Deus tal
que nunca m'al faredes, e por én,
quer me queirades, senhor, ben, quer mal,
pois **me** de vós non veer mal nen ren
.....

Mais coidamos posíbel unha outra solución para o problema levantado: a segmentación de <me> como *m'é*, que introduce o verbo principal ao tempo que obriga a considerar *veer* como forma de infinitivo:

De vos servir, mia senhor, non me val,
pois non atendo de vós ren, e al
sei eu de vós: que vos ar fez Deus tal
que nunca mal faredes, e por én,
quer me queirades, senhor, ben, quer mal,
pois **m'é** de vós non veer mal nen ren.

Outro problema segmentativo aparece nunha pasaxe da cantiga 761 de Joan Garcia de Guilhade, a partir da edición de Nobiling (2007: 89; Brea, 1996: 441), que é continuada por R. Cohen na súa edición do cancionero de amigo (Cohen, 2003: 234):

761 / 70,6 JGarGuilh [B745/V347], v. 13:
Se s'el **enfinge** (ca x'ousa),
te direy-vos que façades: / ...

Perante a evidente incoherencia sintáctica, cunha frase condicional sen verbo de que depender por causa da existencia da conxunción copulativa no inicio do v. 12, na edición do cancionero de amigo, Cohen reconverte esa conxunción en *e[u]* para resolver o verso e o período:

Se s'el **enfinge** (ca x'ousa)
e<u> direi-vos que façades: / ...

Coidamos que á solución é mais simple, coa segmentación de *é* en *enfinge*, xa presente na edición de Nunes (1973: 163) e Domingues (1992: 45):

Se s'el **enfing'é** ca x'ousa,
e direi-vos que façades: / ...

A continuar con textos guilhadianos, na vulgata, que parte da edición de Nobiling (2007: 99-100; Brea, 1996: 457) e que coincide neste punto coa edición de Nunes (1973: 172) e de Domingues (1992: 54), aparece o seguinte texto na finda final dunha cantiga de Joan Garcia de Guilhade:

772 / 70,39 JGarGuilh [B755/V358], v. 21:
E d' essa folia toda
ja çafou!
ja **çaf[u]** de pan de voda,
ja çafou!

Para nós (e así se recolle en Cohen 2003: 245) resulta evidente que non é necesaria intervención editorial ningunha, agás no relativo á segmentación de *é*, na secuencia manuscrita <gafade> B, <çafade> V:

E dess'a folia toda
ja çafou!
Ja **çafad'é** pan de voda,
ja çafou!

O repertorio de emendas editoriais por ausencia dunha segmentación aínda pode ampliarse a outras pasaxes. Véxase o texto de Paaio Gomez Charinho, tal como é recolleito na vulgata a partir da versión de H. Monteagudo (1984: 319; Brea, 1996: 718), que continúa a lección anterior de Nunes (1972: 255), coincidente neste punto coa de Cunha (1999: 117):

814 / 114,14 PaiGmzCha [B818/V402], v. 10:
E, poys non quer a ventura mía
que vos doades do mal que mh' avén
por vós, senhor, e **maravíllhom'én**
como non moyr'e morrer devya.

O problema aparece cando comprobamos que a lección manuscrita na secuencia subliñada é <maraujlhemẽ> B, <māraujlhẽ> V, que, na nosa opinión, debe ser mantida cunha outra segmentación:

E pois non quer a ventura mía
que vos doades do mal que mi aven

por vós, senhor, e **maravilh'é-m'én**
como non moir', e morrer devia.

É certo que resulta un tanto anómala a concentración de sílabas tónicas e a propia expresión; de todos os xeitos, similar fórmula expresiva é utilizada por Lopo Lias (cfr. *e pesa-m'én* e *é-m'én mal*, 1358.r1) e por Gil Perez Conde (*é-m'én mal*, 1538.10).

Contrariamente aos casos que estamos a ver, en Joan Airas existe unha pasaxe cunha segmentación de *é* que implica a modificación da lección dos manuscritos. Velaí a edición crítica de Rodríguez (1980: 229; Brea 1996: 393), coincidente coa de Nunes (1973: 282):

1037 / 63,45 JAI [B1033/V623], v. 1:
O meu amigo **forçad'** é d' Amor,
pois agora comigo quer viver
ũa sazon; se o poder fazer,
non dórmia ja mentre comigo for.

Non existe obstáculo ningún, ao noso xuízo, para manter a lección dos manuscritos e considerar *forçado d'amor* como un cualificativo do *amigo*, tal como Cohen editou (2003: 567), e reestruturar sintáctica e semanticamente todo o período:

O meu amigo **forçado** d'amor,
pois agora comigo quer viver
ũa sazon, se o poder fazer,
non dórmia ja mentre comigo for,
*ca daquel tempo que migo guarir
atanto perderá quanto dormir.*

Unha outra alteración importante da lección manuscrita pode verse tamén na edición dunha cantiga de Pedr'Amigo de Sevilha, a partir da edición crítica de G. Marroni (1968: 242-243; Brea, 1996: 741), coincidente neste paso coa de Nunes (1972: 470):

1098 / 116,17 PAmigo [B1096/V687], v. 9:
 Esta dona, que mi faz muyto mal
 por que non quis nen quer que seja seu,
home, senhor, mays gran coita mi deu.

A editora italiana considera un erro <n>/<h> na transmisión manuscrita (<Nō me> B, <nō me> V) e actúa en consecuencia apelando á autoridade de Nunes. Mais, de novo, unha segmentación sobre a lección transmitida por BV permite resolver ecdoticamente con éxito a pasaxe^[15]:

Esta dona, que mi faz muito mal
 porque non quis nen quer que seja seu,
non m'é senhor, mais gran coita mi deu.

Nunha cantiga de amigo de Bernal de Bonaval, con diferentes edicións anteriores (Nunes, 1973: 326) e posteriores (Cohen, 2003: 361) á versión da vulgata, procedente de Indini (1978: 148; Brea, 1996: 167), percíbense dúas modificacións dos manuscritos que todos os editores practicaron, con independencia da disposición da cantiga en versos longos ou curtos:

1137 / 22,9 BernBon [B1135/V726], vv. 1, 3:
 Fremosas, a Deus **grado**, tan bon día comigo!
 Ca novas mi dis[s]eron ca ven o meu amigo.
 Ca ven o meu **amigo**,
 tan bon día comigo!

Porén, no v. 1 pódese dar prioridade a B (<grade>, face a V (<grado>) porque é semella necesario para indicar que a felicidade do día se debe á compañía do amigo, e o mesmo acontece no refrán, onde os dous cancioneiros presentan a mesma lección <amigue> que deberíamos manter coa debida segmentación de é. En realidade, a súa presenza nestes versos é coherente co v. 4 (*Tan bon día comigo é, fremosas, a Deus grado*) onde todos os editores tiveron que expunxilo condicionados pola decisión editorial anterior:

Fremosas, a Deus **grad'**, é tan bon día comigo,
 ca novas mi dis[s]eron ca ven o meu amigo.
 Ca ven o meu **amig'**, é tan bon día comigo!

15 Esta corrección xa foi feita por Arias Freixedo (2003: 686) na súa monumental antoloxía das cantigas profanas galego-portuguesas.

Un último exemplo significativo arredor da segmentación de *é* podemos localizalo nos problemáticos versos iniciais da coñecida cantiga 1497, de Airas Perez Vuitoron, que na fixación tradicional de Lapa presenta un texto que se afasta en aspectos importantes da lección transmitida unicamente por B (cfr. Lapa, 1970: 130; Brea, 1996: 130)^[16]:

1497 / 16,1 AiPrzVuit [B1477/V1088], vv. 1-2:
A **lealdade** da Bezerra pela Beira muito anda:
ben *é* que a nostra vendamos, pois que no-lo Papa manda.

Existen diversos problemas textuais neste dístico, mais no que di respecto á segmentación de *é* queremos salientar a posibilidade de deglutinar a forma verbal en *lealdade* (*lealdad'é*), tal como xa foi proposto en Montero Santalla (2000: 679), de modo que non sería precisa a expunción do relativo *que*, de certo presente no manuscrito^[17].

A **lealdad'***é* da Bezerra que pela Beira muito anda:
ben *é* que a nostra devíamos, pois que no-l'o Papa manda.

En relación co demostrativo, onde a segmentación de *é* resulta sempre posíbel no final da forma masculina singular das tres formas deste pronome, existen algúns problemas editoriais ao longo do corpus lírico trobadoresco. Véxase o inicio dunha cantiga de Roi Fernandiz de Santiago, presente na vulgata a partir da edición de Nunes (1972: 336; Brea, 1996: 894):

915 / 143,2 RoiFdz [B913/V500], v. 1:
Aqueste muy gram mal d'amor
que eu por vós, mha senhor, ey,
poy outro conselho non sey,
se prouguer a Nostro Senhor,
alongar-me querrey d'aquí,
e alongar-ss'á el de mi.

16 Eis o texto fixado en Lopes (2002: 124): *A lealdade aa Bezerra pela Beira muito anda! / Bem é que a nostra vendamos, pois que no-lo Papa manda.*

17 Remitimos á exposición do problema e ás conseguíntes discusións no web *Locus Criticus* [www.uvigo.es/locuscriticus/?cat=1]. De todos os xeitos, a proposta textual de Montero Santalla é diferente á nosa: *A lealdad' é bezerra | que pela beira muito anda: / bem é que a mantenhemos, | pois que no-l' o papa manda.*

Como se pode observar, en toda a estrofa non existe ningún verbo rexente, que, sen dúbida, terá de ser extraído da forma demostrativa inicial do *incipit*, tal como aparece na recente edición de Arias Freixedo (2010: XVII):

Aquest'é mui gran mal d'amor
que eu por vós, mia senhor, ei,
pois outro conselho non sei;
se prouguer a Nostro Senhor,
alongar-me querrei d'aqui,
e alongar-s'á el de mí.

Por outra parte, o texto lapiano dunha cantiga de Martin Soarez (Lapa, 1970: 446; Brea, 1996: 661), seguido por Lopes (2002: 320) modifica de modo importante a lección dos apógrafos italianos:

1387 / 97,44 MartSrz [B1369/V977], v. 10:
E pois a dona Caralhote viu
antre sas mãos, ouv' en gran sabor
e **diss' esto**: – O falso treedor
que m'ogano desonrou e feriu.

No entanto, os manuscritos non autorizan esa versión editorial, pois presentan a lección <diz efte> BV que só pode editarse como *diz* e *est'é* (presentes en Bertolucci Pizzorusso, 1992 [1963]: 149) no contexto da composición:

E, pois a dona Caralhote viu
antre sas mãos, ouv'én gran sabor
e **diz**: “**Est'é** o falso treedor
que m'ogano desonrou e feriu.

Finalmente, a fixación da forma demostrativa *aquestes*, fronte ao singular <|aqueste> de B, nunha pasaxe de D. Denis torna incomprensíbel a pasaxe e a estrofa enteira (Lang, 1972 [1894]: 101; Brea, 1996: 236):

1553 / 25,127 Den [B1534], v. 11:
que eu são certo de pram,
quant' **aquestes** amigos meus,
que por quanto mal em el a, / ...

A manutención, novamente, da lección manuscrita coa segmentación da forma verbal *é* (xa presente en Lapa 1970: 147, e Lopes 2002: 483) devolve o sentido, e a sintaxe, á estrofa de D. Denis:

Tantos son os pecados seus
e tan muito *é* de mal talan
que eu s^oo certo, de pran,
quant' **aquest'** *é*, amigos meus,
que, por quanto mal en el á,
que ja máis nunca veerá
en nen un temp'a face de Deus.

Conclusión

En síntese, a cuestión da eventual segmentación do elemento gráfico <e>, interpretábel como conxunción copulativa *e* ou, alternativamente, como forma verbal *é*, adquire unha grande importancia no proceso de segmentación textual das cadeas gráficas manuscritas medievais –e nomeadamente na edición das cantigas galego-portuguesas–, con transcendentales implicacións lingüísticas, literarias e, en definitiva, interpretativas. Cómpre, pois, un proceso atento de revisión, estudo e conseguinte reconsideración destes procesos segmentativos nuns textos, como as cantigas, que son tan sensíbeis, por razóns semántico-interpretativas, a esta operación ecdótica.

Referencias

- A = (1994). *Cancioneiro da Ajuda*. Edición fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda. Lisboa: Edições Távola Redonda.
- ALVAR, C. (1986). Las poesías de Pero Garcia d'Ambroa. *Studi mediolatini e volgari*, 32, 5-112.
- ARBOR ALDEA, M. (2001). *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- ARIAS FREIXEDO, X. B. (2003). *Antoloxía da lírica galego-portuguesa*. Vigo: Xerais.
- ARIAS FREIXEDO, X. B. (2010). *As cantigas de Roi Fernandiz de Santiago*. Vigo: Universidade de Vigo.
- B = (1982). *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. Cód. 10991. Lisboa: Biblioteca Nacional & Imprensa Nacional – Casa da Moeda.

- BARBIERI, M. (1980). Le poesie di Roy Paez de Ribela. *Studi Mediolatini e Volgari*, 27, 7-104.
- BERTOLUCCI PIZZORUSSO, V. (1992) [1963]. *As poesías de Martin Soares*. Vigo: Galaxia.
- BREA, M. (Coord.) (1996). *Lírica profana galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- COHEN, R. (2003). *500 Cantigas d'Amigo*. Edición crítica / Critical edition. Porto: Campo das Letras.
- CUNHA, C. Ferreira da (1999) [1945]. *O Cancioneiro de Paay Gómez Charinho. Trovador do século XIII*. In E. Gonçalves (Ed.), *Cancioneiros dos Trovadores do Mar* (pp. 33-147). Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- DOMINGUES, A. (1992). *Cantigas de João Garcia de Guilhade. Subsídios para o seu estudo lingüístico e literário*. Braga / Barcelos: Editorial Franciscana & Câmara M. de Barcelos.
- D'HEUR, J. M. (1975). *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XIIe-XIVe siècle): contribution à l'étude du "corpus des troubadours"*. Liège: Université de Liège.
- EIRÍN GARCÍA, L. (2015). *A visión do amor no cancionero de Don Denis. Estudo e edición de 33 cantigas de amor*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- FERREIRO, M. (2009). Sobre a suposta crase de *que* no trobadorismo profano galego-português. In R. Pontes, R. & E. Dias Martins (Orgs.), *Anais VII EIEM - Encontro Internacional de Estudos Medievais. Idade Média: permanência, atualização, residualidade* (pp. 487-495). Fortaleza / Rio de Janeiro: Associação Brasileira de Estudos Medievais & Universidade Federal do Ceará.
- FERREIRO, M. (2012). Do manuscrito á edición: consideracións sobre a segmentación textual na poesía profana galego-portuguesa. In P. Lorenzo Gradín & S. Marceñaro (Eds.), *El texto medieval. De la edición a la interpretación* (pp. 135-158). Anexo 68 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FERREIRO, M. (2014a). Lección manuscrita e crítica do texto: en torno á segmentación das cadeas gráficas na poesía profana galego-portuguesa. *Revista de Literatura Medieval*, 26, 163-190.
- FERREIRO, M. (2014b). Elementos para unha revisión textual das cantigas trobadorescas: sobre a segmentación de “o” e “a”. *Estudos de Lingüística Galega*, 6, 81-115.
- FERREIRO, M., Martínez Pereiro, C. P. & Tato Fontaiña, L. (Eds.) (2007). *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*. A Coruña: Universidade da Coruña.

- GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D. (2012). *O cancionero de Fernan Fernandez Cogominho. Estudo e edición crítica*. Anexo 69 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- INDINI, M. L. (Ed.) (1978). *Bernal de Bonaval. Poesie*. Bari: Adriatica Editrice.
- JUÁREZ BLANQUER, A. (1988). *Cancionero de Pero da Ponte*. Granada: Ediciones TAT.
- LANCIANI, G. (1974). Ayras Veaz o il trovatore dimezzato. *Cultura Neolatina*, 34, 99-115.
- LANG, H. R. (1972) [1894]. *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal*. Hildesheim / New York: Georg Olms Verlag.
- LAPA, M. Rodrigues (1970) [1965]. *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*. Vigo: Galaxia.
- Locus Criticus. Crítica textual en rede*. Disponível em <https://webs.uvigo.es/locuscriticus/?p=259>
- LONGO, N. (Ed.) (2003). *Dom Afonso Sanchez. Le poesie. Edizione critica, introduzione, note e glossario*. Roma: Bagatto Libri.
- LOPES, G. Videira (2002). *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*. Lisboa: Estampa.
- LORENZO GRADÍN, P. & Marcenaro, S. (2010). *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- MARRONI, G. (1968). Le poesie di Pedr'Amigo de Sevilha. *Annali dell'Istituto Universitario Orientale*, 10, 189-340.
- MICHAËLIS DE VASCONCELLOS, C. (1990) [1904]. *Cancioneiro da Ajuda*. Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- MONTEAGUDO ROMERO, E. (1984). Apéndice I. Textos e notas. In A. Cotarelo Valledor (Ed.), *Cancionero de Payo Gómez Charriño, almirante y poeta (siglo XIII)* (pp. 305-38). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- MONTERO SANTALLA, J.-M. (2000). *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*. Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, A Coruña, Galiza.
- NOBILING, O. (2007) [1907]. As Cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade, Trovador do Século XIII. In Y. Frateschi Vieira (Ed.), *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos* (pp. 39-143). Niterói / RJ: EdUFF.
- NUNES, J. J. (1972) [1932]. *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- NUNES, J. J. (1973) [1926-28]. *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.

- PAGANI, W. (1971). Il Canzoniere di Estevan da Guarda. *Studi Mediolatini e Volgari*, 19, 53-179.
- PANUNZIO, S. (Ed.) (1992) [1967]. *Pero da Ponte. Poésias*. Vigo: Galaxia.
- RODRÍGUEZ, J. L. (1980). *El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio*. Anexo 12 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- SPAMPINATO BERETTA, M. (Ed.) (1987). *Fernan Garcia Esgaravunha. Canzoniere*. Napoli: Liguori Editore.
- TAVANI, G. (1967). *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell'Ateneo.
- TMILG = Varela Barreiro, X. (Dir.). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñíbel en <http://ilg.usc.es/tmilg>
- V = (1973). *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos & Instituto de Alta Cultura.

ISBN 978-989-755-240-3



9 789897 552403